

6 *Review*

**LLINARES
GARCÍA, Mar;
PALLARES
MÉNDEZ, María
del Carmen; REY
CASTELAO, Ofelia;
RIAL GARCÍA,
Serrana; PERNAS
OROZA, Herminia**

*Historia das
mulleres en Galicia*

**Miguel
García-Fernández**
Universidade de
Santiago de Compostela

Nas dúas últimas décadas, un conxunto de historiadoras –e empregoo feminino para deixar consignado que son as investigadoras as que máis contribúen a rescatar ás mulleres do esquecemento historiográfico– incorporaron a perspectiva de xénero ao seu quefacer, enriquecendo notablemente o estudo da Historia de Galicia. Cos seus traballos, solidamente integrados dentro das metodoloxías desenvolvidas dende 1970, puxeron de manifesto a imposibilidade de construír a historia da sociedade galega sen ter en conta a participación feminina. Deste modo, e a pesar dos límites e silencios das fontes históricas, grazas a un traballo minucioso que esixiu procurar novos datos mais tamén, e especialmente, reler as fontes xa coñecidas, non foron poucos os avances conseguidos. Así, a *Historia das mulleres en Galicia*, que vén de publicar a editorial NigraTrea en parcería coa Xunta de Galicia –en cuxa concepción tivo un peso fundamental o compromiso de

Santiago de Compostela:
Xunta de Galicia &
NigraTrea
2010–2011. 4 vols.
ISBN 978–84–15078–09–8

I. Prehistoria. Historia Antiga
2010. 150 pp.
ISBN 978–84–15078–07–4

II. Idade Media
2011. 304 pp.
ISBN 978–84–15078–12–8

III. Idade Moderna
2010. 325 pp.
ISBN 978–84–15078–08–01

IV. Época Contemporánea
2011. 221 pp.
ISBN 978–84–15078–22–7

LLINARES GARCÍA, Mar;
PALLARES MÉNDEZ,
María del Carmen; REY
CASTELAO, Ofelia; RIAL
GARCÍA, Serrana; PERNAS
OROZA, Herminia
*Historia das mulleres en
Galicia*
Miguel García-Fernández

Marta González Vázquez, medievalista especialista en historia das mulleres e Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia dende 2009 até 2011—, constitúe tanto un punto de chegada como un punto de partida para a historiografía galega. En canto punto de chegada, os volumes son o resultado das investigacións desenvolvidas por cada unha das autoras ao longo das súas carreiras investigadoras, ademais de recoller outras contribucións referidas tanto a Galicia como a outros territorios cos que se poden establecer diálogos. Os volumes ofrecen polo tanto unha síntese organizada e orgánica do proceso histórico vivido polas mulleres galegas. Ao mesmo tempo, desexamos esperanzados que a obra se convirta nun punto de partida e que contribúa a consolidar, aínda máis, o uso da perspectiva de xénero no marco da historiografía galega e peninsular, xa que os estudos rexionais coma este permiten unha análise máis completa e exhaustiva das fontes ofrecendo un coñecemento máis profundo e certo da realidade histórica. Precisamente, un dos grandes logros da obra é dar a coñecer a vida das mulleres prestando especial atención ao contexto no que se integran.

A colección componse de catro volumes que, respondendo á división tradicional do acontecer histórico —o que non sempre resulta axeitado para apprehender en tódalas súas dimensións a evolución dos procesos nos que se viron inmersos os homes e sobre todo as mulleres, como xa demostrou a historiadora Joan Kelly— ofrecen unha exposición abondo exhaustiva e ordenada da situación e participación social das mulleres na Historia de Galicia. Certo é que as fontes usadas son diferentes para cada período —dende as epigráficas e as documentais até as xornalísticas e as literarias— e que, pese ás pretensións iniciais, a entidade, enfoques, contidos e logros son heteroxéneos. Porén, o resultado global da obra resulta plenamente satisfactorio.

O primeiro volume, dedicado á Prehistoria e á Historia Antiga, corre a cargo de Mar Llinares García. A pesar do escaso volume de información específica coa que contaba, a autora resolve con pericia estas dificultades, contextualizando nunha ampla introdución os procesos históricos nos que se viron inmersas as galegas destes primeiros tempos. A continuación, dedica o primeiro capítulo ao período prehistórico e comeza por referir a chegada dos estudos das mulleres ao campo da arqueoloxía, ofrecendo unha serie de consideracións que se deberán ter en conta de cara á realización de investigacións futuras; entre elas, o perigo de aplicar prexuízos actuais ás interpretacións do pasado e a necesidade de cuestionar e revisar o discurso historiográfico maioritario —onde prima o androcentrismo— para avanzar nunha interpretación histórica máis rica e apegada á realidade. Céntrase despois no caso das deusas nai e introduce un dos temas fundamentais deste primeiro volume: o matriarcado. As fontes clásicas —analizadas exhaustivamente na obra— presentan unha sociedade prerromana na que as mulleres tiñan un papel sumamente destacado no norte e no noroeste peninsular. Porén, Llinares cuestiona as teorías sobre o matriarcado mediante a análise crítica das fontes arqueolóxicas, epigráficas e literarias dispoñibles. Ademais, desvela con claridade como as mulleres participaron activamente nos diversos procesos sociais e económicos que se sucederon dende a Prehistoria. Na agricultura, na minería, no desempeño de diversos oficios, fosen libres ou escravas —refíresenos, por exemplo, o caso da perruqueira Philtate—, aparecen numerosos indicios da laboriosidade feminina na Galicia romana e prerromana. Sendo imposible chegar a conclusións definitivas sobre o tema da suposta filiación matrilineal ou sobre as relacións das mulleres coa relixión, a autora non dubida en expoñer os datos conservados sobre estes campos antes de centrarse definitivamente na cuestión

LLINARES GARCÍA, Mar;
PALLARES MÉNDEZ,
María del Carmen; REY
CASTELAO, Ofelia; RIAL
GARCÍA, Serrana; PERNAS
OROZA, Herminia
*Historia das mulleres en
Galicia*
Miguel García-Fernández

do matriarcado, que tanta fortuna tivo na historiografía dos séculos XIX e XX. Finalmente, examina a participación das mulleres no movemento priscilianista seguindo a hipótese da norteamericana Virginia Burrus. Como se fai nos volumes dedicados aos períodos medieval e moderno, a obra remata cun rico apéndice documental, que neste caso, a diferenza dos outros volumes, contén a meirande parte das fontes coas que traballou a autora. Por veces, a contextualización xeral deixa na penumbra os datos referidos especificamente ás mulleres que vivían nos territorios da actual comunidade autónoma de Galicia, pero non é menos certo que en todo momento se recoñecen os límites dunha investigación destas características.

A autoría do segundo volume, dedicado á Idade Media, corresponde a María del Carmen Pallares Méndez, pioneira na incorporación da perspectiva de xénero á investigación histórica en Galicia. Facendo fincapé tanto na muller abstracta —é dicir, nos arquetipos femininos que se foron construíndo no imaxinario colectivo do Occidente medieval— como nas mulleres concretas —aquelas que aparecen na documentación medieval galega—, a autora estrutura a súa obra en dúas grandes partes. A primeira correspóndese co período altomedieval, fundamentalmente cos séculos IX e X, mentres que na segunda aborda a situación das mulleres no pleno feudalismo e no marco das transformacións que viviu este nos séculos XIV e XV. Recorrendo á análise cualitativa dun amplo corpus documental —xa coñecido na súa maior parte pero non estudado coa categoría analítica do xénero—, a obra pon de manifesto o activo papel desempeñado polas mulleres na Galicia medieval. Dende logo, fronte á imaxe prexuzosa que se ofrece habitualmente sobre o Medioevo, este traballo presenta unha realidade poliédrica na que conviven dende grandes damas até pequenas campesiñas e analiza unha ampla gama de situacións sociais a través das cales é posible descubrir a complexidade da experiencia histórica de vivir e morrer en feminino. Mais, se a pertenza a un grupo social ou a outro era un factor clave, tamén se debe ter presente que o contexto altomedieval non era o mesmo que o que se configurou a partir da implantación do feudalismo e daquela a situación das mulleres experimentou profundos cambios, non sempre en positivo. Aínda así, convén non esquecer que as características xerais dos procesos históricos contan con numerosos matices que deberán ser aclarados mediante novas investigacións de base. O punto de partida para a presente obra son dous traballos anteriores da autora: *A vida das mulleres na Galicia medieval (1100–1500)* (1993) e a minuciosa investigación sobre *Ilduara. Una aristócrata del siglo X* (1998, 2ª ed. ampliada 2004), cuxo modelo de análise histórica constitúe unha das propostas máis sólidas para a elaboración dunha historia social das mulleres en Galicia. De todos modos, esta nova contribución de M^a Carmen Pallares arrequece as súas investigacións previas ao desenvolver cuestións como a toma de conciencia feminina e a formación intelectual das mulleres. Na primeira parte da obra, fálásenos das grandes señoras da Alta Idade Media. Xunto a Ilduara e Paterna —mulleres que representan ás aristócratas que desenvolveron a súa vida no marco do matrimonio, que tiveron amplas posibilidades para acceder, xestionar e transmitir a propiedade e que participaron na fundación de centros monásticos—, atopamos outras mulleres como Aragonta —galega que foi raíña consorte de León— e grandes señoras eclesiásticas como Guntroda —abadesa do mosteiro dúplice de San Martiño de Pazó, que non dubidou en exercer con forza e autoridade o poder depositado nas súas mans—. Na segunda parte, o maior volume de documentación dispoñible para a Plena e a Baixa Idade Media permítelle á autora profundar non só nos discursos creados

LLINARES GARCÍA, Mar;
PALLARES MÉNDEZ,
María del Carmen; REY
CASTELAO, Ofelia; RIAL
GARCÍA, Serrana; PERNAS
OROZA, Herminia
*Historia das mulleres en
Galicia*
Miguel García-Fernández

pola Igrexa, o dereito e a lírica galego-portuguesa en torno ás mulleres, senón tamén noutros temas como as opcións de vida que se lles ofreceron a estas –o matrimonio, o convento ou a marxinación–, a súa participación na esfera privada, o traballo desempeñado no mundo rural e urbano –onde se documenta, por exemplo, o caso da cirurxá Leonor Garrida–, o exercicio do poder e o acceso das mulleres á cultura, así como a que constitúe unha das cuestións fundamentais da obra: a toma de conciencia e as resistencias femininas ante a dominación e as agresións masculinas.

Ofelia Rey Castelao e Serrana Rial García son as responsables do terceiro volume da colección. Dedicado á Época Moderna, a obra sitúase dentro do quefacer historiográfico do modernismo compostelán (análises socio-económicas de carácter local e estudos de demografía histórica, entre outras cuestións). Neste sentido, fronte ao cualitativo, en determinados capítulos observamos un forte peso do cuantitativo, o que permite comprobar a solidez sobre a que se asentan as conclusións obtidas, mais que, en certos momentos, resta capacidade de divulgación a unha obra como esta, que ademais de ser útil para os investigadores tamén está destinada ao público xeral interesado polo tema. Rico en datos que matizan calquera tipo de explicación social simplista, este volume ofrece una panorámica xeral sobre as mulleres galegas dos séculos XVI, XVII e XVIII, na que as estruturas e as conxunturas resultan fundamentais para explicar a participación ou a ausencia das mulleres nos diferentes ámbitos da realidade histórica. Aínda que no esencial estamos ante unha reelaboración da *Historia de las mujeres en Galicia. Siglos XVI–XIX* (2009) das mesmas autoras, este novo traballo procura harmonizarse co resto de volumes da colección e incide noutras cuestións que responden ás novas preocupacións coas que se vai enriquecendo constantemente o estudo das mulleres da Galicia moderna. Tras poñer de manifesto no capítulo inicial as amplas posibilidades de estudo que nos ofrecen as fontes deste período, as autoras proceden ao estudo exhaustivo das mesmas. Preocúpalles tamén definir o marco legal que afectaba ás mulleres deste momento, xa que este axuda a entender algúns dos condicionantes que lles impediron unha maior proxección pública. De todos modos, a realidade é máis rica do que nos poden informar os discursos teóricos, tal e como se pon de manifesto no último capítulo da obra, cando as autoras presentan as ideas e imaxes que existen sobre as galegas deste período, dende as negativas representacións ofrecidas polos escritores do Século de Ouro español até o retrato máis preciso que fixeron as investigacións historiográficas máis recentes ao superar eses tópicos. Rey Castelao e Rial García comezan a estudar as mulleres analizando o seu papel na reprodución, algo que vai máis alá do estritamente biolóxico para remitir a diversos procesos económicos, demográficos, sociais e culturais. Mediante os datos expostos compróbase a complexidade da realidade galega, na que atopamos fortes contrastes comarcais que nos impiden construír modelos explicativos de carácter totalizador. Entre as cuestións tratadas está a da forte influencia que tivo a emigración masculina no quotidie das mulleres, cargándoas de responsabilidades, ademais de condicionar –neste caso, negativamente– as súas posibilidades matrimoniais e reprodutivas. A continuación, analízase a mobilidade e as migracións femininas establecendo cales foron as súas características, tipoloxías, lugares de orixe e recepción, datos que nos permiten cuestionar a imaxe das mulleres encerradas no interior dos seus fogares e limitadas ao entorno da casa ou da parroquia. Tomando como punto de partida as investigacións de Rial García sobre a actividade económica das mulleres na Galicia moderna –premiadas en diversas ocasións–, o capítulo

LLINARES GARCÍA, Mar;
PALLARES MÉNDEZ,
María del Carmen; REY
CASTELAO, Ofelia; RIAL
GARCÍA, Serrana; PERNAS
OROZA, Herminia
Historia das mulleres en
Galicia
Miguel García-Fernández

das ocupacións femininas ten un peso fundamental dentro da obra mostrándonos como, máis alá do traballo diario e doméstico, as mulleres desempeñaron, tanto no campo como na cidade, diversas actividades relacionadas co tecido, a alimentación, o servizo doméstico e o comercio. O seu papel revélase fundamental para o sostemento das familias, así como para a reprodución do sistema. Precisamente, o ámbito familiar é o primeiro dos marcos de integración nos que atopamos ás mulleres, cuestión que é analizada no sexto capítulo, xunto coa situación daquelas que gozaron dunha posición social privilexiada, a das que ingresaron nos conventos, así como a das que se moveron polo mundo marxinal da pobreza, a enfermidade e a orfandade. Outros temas dos que se ocupan as autoras son as dificultades das mulleres para acceder á educación e á cultura –sendo Galicia maioritariamente un país de analfabetas, no que apenas destacan casos como o da mística María Antonia Pereira do Campo, que nos legou un importante número de cartas e incluso a súa autobiografía–, así como a dimensión relixiosa –onde, ademais de falar das institucións femininas, tamén se trata das mulleres e a heterodoxia e das actitudes relixiosas expresadas a través das prácticas testamentarias–. En definitiva, o volume de Ofelia Rey Castelao e Serrana Rial García é unha obra rica en datos e reflexións, que amosa unha grande preocupación por situar ás mulleres no seu contexto social, económico e cultural.

Finalmente, Herminia Pernas Oroza pecha a colección ocupándose da Época Contemporánea e aproveita para incorporar unha breve reflexión sobre a historia das mulleres e a historia de xénero que precisaría dunha maior atención. Aínda que é o único volume que non ofrece un apéndice documental, diversos textos integrados ao longo do libro dan boa mostra da variedade de fontes empregadas: xornalísticas, epistolares, documentais e literarias. A autora esforzase por sintetizar un período cuxo estudo aínda non ten sido abordado en profundidade e no que resulta difícil traballar se non é sobre temas concretos ou contando con equipos de investigación amplos que permitan procesar o grande caudal informativo dispoñible. Destas dificultades parece derivar o desigual tratamento dos temas ao longo da obra, na que, porén, si se ofrece un rico panorama da complexidade social. No primeiro capítulo, a autora aproveita parte dos estudos realizados polos modernistas sobre a transición do Antigo Réxime á Contemporaneidade para insistir na importancia que seguiron mantendo as mulleres na estrutura familiar, así como a súa definitiva incorporación aos procesos migratorios, incluíndo o exilio durante a Guerra Civil española e a posguerra. A continuación, explora con detemento o mundo laboral feminino no que, novamente, aparece confirmada a activa participación das mulleres nas máis diversas actividades do mundo rural e urbano. De todos modos, cómpre sinalar a súa integración en novos traballos como os ligados á industria da salga e as conservas e a aparición de figuras como a das famosas cigarreiras, cuxo retrato literario foi trazado por Emilia Pardo Bazán. Esta última representa, precisamente, un bo exemplo das mulleres excepcionais que tiveron acceso a unha sólida formación, fronte ao caso dunha maioría que só conseguiu integrarse no sistema de instrución lentamente e sempre a pesar dunha opinión xeral contraria á educación feminina. De grande interese resulta o capítulo dedicado aos espazos de sociabilidade, xa que permite penetrar no mundo das interrelacións persoais en escenarios tan diversos como as rúas, as igrexas, os campos da festa, os teatros, os balnearios e os paseos. Tamén se nos presenta o mundo da pobreza e da prostitución, así como as tentativas por regular o universo da marxinação.

LLINARES GARCÍA, Mar;
PALLARES MÉNDEZ,
María del Carmen; REY
CASTELAO, Ofelia; RIAL
GARCÍA, Serrana; PERNAS
OROZA, Herminia
*Historia das mulleres en
Galicia*
Miguel García-Fernández

Finalmente, a obra non esquece referir os cambios mentais que xurdiron arredor das mulleres nos dous últimos séculos: partindo da súa consideración como 'anxos do fogar' no século XIX, a toma de conciencia feminina e a súa proxección cara aos espazos públicos deron lugar á imaxe da 'nova muller' ou da 'muller moderna', que non se acomodou ao imaxinario franquista de posguerra, o cal impulsou novamente o modelo da 'muller da súa casa', antes de que se dese o paso cara un novo proceso de concienciación, que foi o que contribuíu, definitivamente, a que fose posible publicar hoxe en día esta *Historia das mulleres en Galicia* e, sobre todo, que a fixeran mulleres de recoñecido prestixio e cunha ampla formación académica.

Por todo o que acabamos de ver, podemos considerar esta publicación como un fito historiográfico. Se ben é certo que en 1999 o Consello da Cultura Galega publicou os imprescindibles *Textos para a Historia das Mulleres en Galicia*, esta obra seguía o exitoso modelo de *Textos para la Historia de las Mujeres en España* (1994). Porén, a colección que aquí presentamos supón unha empresa novidosa, xa que é o resultado dunha reflexión diacrónica sobre as mulleres dun territorio concreto que, pese a estar integrado en unidades xurídico-políticas máis amplas, conservou as súas particularidades. Tempo e espazo —as principais coordenadas nas que situar os feitos históricos— combínanse á perfección nesta obra, que presenta un modelo que, na súa concepción básica, sería facilmente exportable cara a outras rexións peninsulares e europeas, axudándonos, coa súa suma, a construír unha imaxe máis próxima á experiencia histórica de ser muller.

Con esta obra, tanto as persoas dedicadas á investigación como as interesadas no tema dispoñen xa dunha síntese clara e exhaustiva sobre a posición social das mulleres na Historia de Galicia, sendo facilmente recoñecible a súa participación activa e continuada na evolución económica, social e cultural de Galicia. Certo é que no exercicio do poder público non é fácil atopar un papel destacado das mulleres, porén, resulta indubidable que non podemos empregar á lixeira termos como os de exclusión ou marginación para definir a súa situación nos ámbitos anteriormente referidos e tampouco neste último. Talvez si poidamos e debamos falar, desde unha perspectiva xeral, da lateralización das mulleres en determinadas circunstancias, procesos e actividades, porén convén non esquecer que en Galicia, e en xeral no ámbito da Coroa de Castela e noutros espazos da Península Ibérica, as mulleres puideron acceder a altas cotas de poder —incluso chegar ao trono—, recibir e facer uso da herdanza familiar, ademais de participar en numerosas actuacións xurídicas, soas ou acompañadas. De todos modos, é importante ter en conta, como advirte M^a Carmen Pallares, que 'non todo avance no tempo é progreso' (II, 280). Así, simplificar e presentar a evolución histórica das mulleres como un camiño lineal cara á liberación e á igualdade de oportunidades non responde á realidade, do mesmo xeito que o conseguido non sempre está asegurado. Aplaudimos esta iniciativa e esperamos que sexa o comezo dunha nova etapa para a historia das mulleres e para o conxunto da Historia de Galicia. De cara ao futuro, propoñemos cinco grandes retos polos que loitar no marco dos estudos de xénero: a realización de novas investigacións de base, a edición de novas fontes documentais, a integración das investigacións realizadas no marco da historia das mulleres no discurso historiográfico xeral, a incorporación dos avances realizados nas últimas décadas á ensinanza da Historia, así como a divulgación de todos estes coñecementos. Neste sentido, consideramos que sería de grande interese publicar obras cunha concepción similar a esta, pero que permitisen dar a coñecer a participación feminina na historia da arte e

LLINARES GARCÍA, Mar;
PALLARES MÉNDEZ,
María del Carmen; REY
CASTELAO, Ofelia; RIAL
GARCÍA, Serrana; PERNAS
OROZA, Herminia
Historia das mulleres en
Galicia
Miguel García-Fernández

da literatura galegas. Aínda que xa hai algúns traballos sobre o tema –como as diversas contribucións de Carmen Blanco ao ámbito literario–, cremos que nestes campos son necesarias novas sínteses que estean actualizadas cos datos obtidos polas investigacións realizadas até o momento actual e que incorporen as novas propostas metodolóxicas e conceptuais que foron xurdindo ao longo das últimas décadas. Estudar as diversas representacións da feminidade, así como o papel das mulleres en canto produtoras, promotoras e consumidoras destes produtos permitirá completar a nosa visión sobre a historia das mulleres en Galicia. De todos modos, esperamos que todos estes obxectivos se logren no marco dunha sociedade máis igualitaria, na que sexa posible superar os prexuízos e condicionantes de xénero que, como se pode comprobar ao longo desta obra, responden a un proceso construtivo pluri-secular, que arraigou con forza nas estruturas mentais e materiais da nosa sociedade.